

“SOLIDARIEDADE CON TODAS AS VÍTIMAS DA GUERRA CIVIL E ACERCA DA PRÓXIMA BEATIFICACIÓN”

En referencia ás vítimas da Guerra Civil española (1936-1939) e ás que seguiron durante os anos da ditadura franquista (1939-1975), a propósito das cales determinados sectores da nosa sociedade se ocupan recentemente de purificar a chamada "Memoria histórica", e a propósito así mesmo da prevista beatificación de 498 persoas asasinadas no sector republicano, o colectivo Redes Cristiás MANIFESTA:

Que a guerra debe rexeitarse como un grave erro. Que polo tanto debe rexeitarse tamén como erro a nosa Guerra Civil. Para superar os conflitos e construír a paz son imprescindibles sempre medios pacíficos: a análise sociolóxica da realidade, a revisión colectiva dos nosos proxectos sociais, a colaboración. E, aínda así, a paz nunca é neutral. Para construír un futuro en Paz será sempre necesario que as partes recoñezan os erros que lles conduciron á guerra e pedir perdón por eles.

Hoxe xa non se trata de buscar culpables, pero tampouco se trata dun ambiguo relativismo histórico. Trátase de que todas as partes recoñezan a súa parte de culpa, e en primeiro lugar nós, os cristiáns, recoñecer e pedir perdón pola posición belixerante que a maior parte da Xerarquía eclesiástica tivo.

Que a purificación da memoria histórica non debe consistir en xulgar o pasado común repartindo culpabilidades. Todos somos corresponsables dos feitos colectivos: gañamos cos que gañan e perdemos cos que perden. Debemos recoñecer que na nosa Guerra Civil perdemos todos. Dende a máis profunda admiración polas vidas e sobre todo polas circunstancias das súas mortes, cremos que, dado que a Igrexa non pediu perdón polo acontecido, esta beatificación é inoportuna.

Manifesta a incapacidade da Xerarquía por superar as posicións de hai 70 anos. E por outra parte préstase a unha obvia instrumentalización política.

Que consolidamos a nosa memoria como patrimonio enriquecedor na medida que, mirando o pasado construímos o presente, facemos historia. Por iso, despois de 70 anos valoramos moi positivamente algúns dos esforzos do goberno lexítimo da República, como por exemplo, a extensión do ensino para todos, o recoñecemento dos dereitos da muller, a separación Igrexa/Estado, etc. Será afondando nestas propostas como, implicitamente, honraremos aos que traballaron nestas direccións.

Que, obviamente, todo o mundo ten dereito a honrar o nome dos seus antepasados, fora cal fora a súa ideoloxía, sobre todo se as súas vidas e mortes foron heroicas, sen que isto supoña deshonra para os demais. Por iso é necesario honrar tamén e sen ningunha ambigüidade a entrega xenerosa de tantos que morreron pola causa da xustiza, do recoñecemento dos dereitos de todos, da Paz.

Esquecer os miles de mestres, sacerdotes, obreiros, dirixentes, políticos, etc., que morreron vítimas da represión franquista non só é unha inxustiza, senón que fai imposible a reconciliación e a paz.

Que, definitivamente, o obxectivo común polo cal paga a pena mobilizarnos a todos os niveis é o da cultura da Paz, da conciliación ou reconciliación, se fose necesario, pedíndonos perdón mutuamente.